

Ardea cinerea Linnaeus, 1758

	garza real
	garza real
	lertxun hauskara
	bernat pescaire, agró gris, garsa reial
	grey heron
	garça-real, garça-cinzenta



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	1-2 kg
Lonxitude	84-102 cm
Envergadura	175-195 cm
Altura	90-100 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Ciconiiformes	Ardeidae	<i>Ardea</i>

ALIMENTACIÓN

Peixes, anfibios, pequenos mamíferos, outras aves e insectos.

COMPORTEMENTO

Son territoriais agás pola época de celo, na que se xuntan en grandes colonias de cría ás veces incluso con garzas doutras especies. Son sedentarios nas zonas temperadas da súa distribución, mentres que nas outras migran ás frías no verán e ás cálidas no inverno.

REPRODUCCIÓN

O período de celo abarca entre febreiro e xuño. Os machos escollen o lugar para aniñar e dende aí atraen ás femias co seu canto, a cotío en árbores, arbustos altos, xuncos ou cantís. Poñen 2-7 ovos. A construción do niño e a incubación, que dura 25-27 días, son levadas a cabo por ambos pais, ao igual que o coidado das crías, que poden voar ás 7-8 semanas.

HÁBITAT

Masas e cursos de auga doce con zonas de augas pouco profundas.

DISTRIBUCIÓN

En casi toda Europa, Asia e África continentais agás polas rexións nórdicas escandinavas, finlandesas e rusas, os Alpes, o Himalaia, a meirande parte do Oriente Próximo, o Sáhara e o Corno de África. Tamén presente nas illas Británicas, nas mediterráneas, en Canarias, Madagascar, Seicheles, Maldivas, Xapón, Taiwán, Hainan, norte de Filipinas e Xava.

CURIOSIDADES

Ao igual có resto das garzas, voa e camiña co seu pescozo encollido en forma de "S". No celo, as caricias e a construción do niño son os xestos que excitan á parella para aparearse.

A subespecie presente no campus é *Ardea cinerea cinerea* Linnaeus, 1758, propia de Europa, a meirande parte de África e Asia occidental.